

PEZA DO MES

maio

2004



ARRACADA DE VILAR DE SANTOS

INTERESANTE MOSTRA DA OURIVERÍA, NA QUE SE DETECTAN OS DIFERENTES APORTES CULTURAIS QUE DEFINEN E CARACTERIZAN ESTA IMPORTANTE MANIFESTACIÓN DA CULTURA CASTREXA





DETALLE DA ARRACADA CO «PATIÑO».

ARRACADA DE VILAR DE SANTOS

Ó longo da historia, o ouro foi utilizado tanto para elaboración de adornos persoais como en obxectos rituais e de prestixio, e o home non deixou de identificalo co acceso ó poder económico, social, político e incluso relixioso. As xoias foron consideradas polos antigos como artigos de luxo, necesarios para o adorno persoal, ademais de ser sinónimo de riqueza e autoridade dos seus portadores.

A pesar de que na Península Ibérica as primeiras manifestacións dunha tecnoloxía do ouro documéntase na área meridional no Neolítico Final, no NW esta actividade non é posible constatala ata finais do III milenio, en pleno apoxeo da cultura do campaniforme, coa elaboración de adornos persoais en láminas moi sinxelas. Estas van evolucionando, enriquecéndose con novos elementos decorativos, como a xeneralización da decoración punteada levantada e gallóns, ó tempo que se van introducindo outras novas formas. Un cambio profundo vaise producir nunha segunda etapa, que a grandes riscos pódese identificar como Bronce Medio, no que influencias provenientes da Europa Atlántica e do Centro Europa definen as características tecnolóxicas e morfolóxicas que van a marcar a ourivería do Bronce Final, que a súa vez influirá decisivamente na produción do mundo castrexo, ámbito cronolóxico-cultural no que se inclúe a peza da que hoxe nos ocupamos.

A arracada de Vilar de Santos está conformada a partir dunha lámina de ouro recortada, na que se poden diferenciar dúas partes: unha proximal,

en forma de crecente aberto ó interior, no que se recorta unha travesiña en forma de T repuxado con dous prótomos de aves acuáticas, e outra distal en forma de triángulo invertido decorado con gránulos. Completan a decoración cinco cápsulas distribuídas estratexicamente, dúas na parte superior do triángulo e as tres restantes nos vértices do apéndice triangular, presentando a do inferior a curiosa figura dun patiño en vulto redondo, realizado pola unión de dúas láminas. Dúas argolas na parte superior denotan a existencia dun sistema de suspensión supraauricular, que se completaría cun de pince dos extremos do crecente sobre o lóbulo do pavillón auricular. Este tipo de arracada inclúese no Morfotipo II de Bieito Pérez Outeiriño, caracterizado por presentar un corpo “penalunar” e colgante triangular plano ou practicamente plano.

Nesta interesante peza converxen a gran maioría das características que definen a produción da ourivería no Noroeste hispánico durante a pre e protohistoria, con influencias europeas hallstáticas, sobre todo no que respecta a aspectos técnicos, destacando a técnica da filigrana e granulado mediterráneas que se deixan sentir nos tipos e modelos decorativos, e outras asumidas como endóxenas de clara tradición atlántica cun repertorio formal rico e variado, con técnicas propias como pode ser a do repuxado.

O motivo decorativo máis característico desta arracada está representado polos ornitomorfos, vulgarmente coñecidos como “patiños”, aves acuáticas de especie indeterminada que habitualmente decoran cerámicas da Idade do Ferro. Aquí aparecen, como xa vimos, tanto en vulto redondo no interior dunha *campánula*, como en forma de prótomos na travesiña en forma de T. Este motivo está amplamente espallado no halls-

tat tanto no Mediterráneo como en Europa Central, e segundo Pérez Outeiriño aparece no NW nunha etapa anterior á verdadeira formación da Cultura Castrexa.


As *campánulas*, cónicas ou hemisféricas, motivo singular na decoración de tipo xeométrico das arracadas castrexas, tamén están presentes, en número de cinco, na arracada de Vilar de Santos. O motivo, vinculado en época castrexa a arracadas da zona do Limia (Afofe, Estela, e Laudos, ademais de Vilar de Santos), está moi estendido polo mediterráneo a lo menos desde o século VIII a. C., como se pode constatar nas dúas que decoran o brazaletes de Sintra.

Non deixan de aparecer nesta arracada outros motivos peculiares da ourivería castrexa, como os triángulos recheos de gránulos, que recordan a decoración das cerámicas, as espirais de clara influencia Mediterránea, os sogueados, etc.

A arracada está realizada en ouro procedente de río a vulgar polas impurezas que presenta, sobre

“O ouro non se extrae unicamente das minas, senón tamén por lavado. Os ríos e torrentes arrastran areas auríferas.... na actualidade son máis numerosos os lavadoiros de ouro que as minas.....din que se arrastran entre os praceres, a veces pebidas de unha libra... que se purifica con pouco traballo...”

A peza foi descuberta de forma casual en 1924 a dous metros de profundidade co gallo de facer un canle de desaugue, no lugar de Albariño, parroquia e municipio de Vilar de Santos por D. Benito Saburido. A pesar do interese mostrado polos membros da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense por mercala para que formara parte das colección do Museo, daquelas instalado no Centro Provincial de Instrucción, non foi posible, pasando a ser propiedade de D. Marcelino Feiria, cura párroco de Vilar de Santos, quen en 1979 a vendería ó Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.



PARTE DO PROCESO NA COFECCIÓN DUNHA ARRACADA SEGÚN B.P. OUTEIRIÑO

todo de estaño. Ata a romanización, o ouro que se acadaba no NW., procedía sempre de explotacións de xacementos secundarios, das actuais terrazas dos ríos, por medio da técnica de bateo, que consistía no lavado a man das areas que arrastra o río para recuperar as pebidas de ouro.

A documentación que se posúe deste tipo de explotación en época prerromana, procede unicamente das fontes literarias romanas, posto que este tipo de traballo non deixa restos que podan ser estudados pola arqueoloxía.

Plinio na súa *Naturalis Historia*, ó referirse a riqueza de metais preciosos da Gallaecia di: *“está chea de xacementos de ouro, prata, ferro e chumbo negro e branco”*. Do ouro di Estrabón:

A descontextualización aparente do achado, nunha comarca na que se coñecen importantes xacementos de época romana e prerromana, sucada pola vía XVIII do Itinerario de Antonino, debe de responder ó tan coñecido proceso de ocultación, nunha época de inseguridade. Sabido é que ante a chegada dos romanos á Península, a poboación autóctona reaccionou de diferente forma ante o saqueo de que eran obxecto. Uns entregaron a súas xoias por temor, outros resistiron, e finalmente un terceiro grupo, entre os que se atopan os propietarios da arracada de Vilar Santos, escondérona, esperando tempos máis tranquilos para volvela recuperar.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Xulio Rodríguez González. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO



XACOBEO 2004
Galicia

